

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

11109 *Real decreto 802/2011, do 10 de xuño, polo que se modifica o Plan técnico nacional da radiodifusión sonora dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 1287/1999, do 23 de xullo.*

O Real decreto 1287/1999, do 23 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da radiodifusión sonora dixital terreal, ten como obxectivo o desenvolvemento ordenado desta tecnoloxía en España, e para iso determina, en función das condicións económicas e tecnolóxicas que naquel momento imperaban no sector, e das previsións lóxicas sobre a súa evolución, un marco normativo para a implantación desta nova tecnoloxía que inclúe un calendario de introdución e uns obxectivos de cobertura.

Non obstante, o desenvolvemento da radiodifusión sonora dixital terrestre viuse lastrado nos últimos anos, entre outras cuestións, pola falta dun adecuado mercado de terminais receptores de radio dixital que limitou o acceso dos cidadáns a este servizo, reducindo de forma significativa as cotas de audiencia previstas inicialmente e, en consecuencia, comprometendo significativamente as posibilidades de negocio dos operadores e a súa capacidade de investimento.

Por outro lado, o 1 de maio de 2010 entrou en vigor a Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, en cuxa disposición transitoria décimo quinta se regula a dixitalización do servizo de radiodifusión sonora terrestre, establecendo a obriga de aprobar un Plan técnico de dixitalización integral deste servizo.

O Plan de dixitalización da radiodifusión sonora, aprobado mediante Acordo do Consello de Ministros do 10 de xuño de 2011, inclúe, entre as súas medidas, a modificación do Plan técnico nacional da radiodifusión sonora dixital terrestre, obxecto deste real decreto.

O éxito no desenvolvemento da tecnoloxía dixital, que supón unha mellora transcendental na radiodifusión sonora, tanto pola calidade do son como polas posibilidades de implantar servizos adicionais ou a simplificación da xestión de frecuencias, exige eliminar as dificultades técnicas e adoptar as medidas necesarias para mellorar a actual situación do sector.

Para acadar estes obxectivos resulta imprescindible adecuar algúns dos preceptos recollidos no Plan técnico nacional da radiodifusión sonora dixital terreal ás condicións do servizo imperantes na actualidade e impulsar as melloras que permitan optimizar a cobertura das emisións e, con iso, facilitar o acceso dun maior número de cidadáns a este servizo.

Co fin de optimizar a cobertura das emisións e facilitar o acceso dun maior número de cidadáns ao servizo de radio dixital, previuse outorgar aos operadores a capacidade para adaptar dun modo máis flexible as especificacións técnicas dos transmisores, en función das necesidades que se orixinen para a correcta difusión do sinal.

Por este motivo, modificouse a redacción do artigo 4 do Plan técnico nacional da radiodifusión sonora dixital terreal permitindo que as entidades habilitadas para o servizo de radio dixital poidan acordar as especificacións técnicas dos transmisores das estacións de radiodifusión, no marco das normas europeas aprobadas polo Instituto Europeo de Normas de Telecomunicación (ETSI). O dito acordo deberá ser comunicado á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información para a súa aprobación.

Do mesmo modo, faise necesario modificar o artigo 7 do Plan técnico nacional da radiodifusión sonora dixital terreal co fin de adaptar as exixencias de cobertura establecidas, así como outras obrigas dos operadores, á situación real que caracterizou a evolución desta tecnoloxía nos últimos anos, imposibilitando a implantación do servizo nos termos e condicións orixinalmente previstos.

Con este obxectivo, na nova redacción do artigo 7 fixouse para todos os operadores un nivel mínimo de cobertura do 20 por cento da poboación do seu ámbito territorial, condicionando o aumento desta porcentaxe ata o 50% ao futuro incremento da cota de audiencia da radiodifusión dixital.

Se no prazo de tres anos a partir da data de publicación deste real decreto non se acadase a audiencia antes citada, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información elaborará un informe que estableza a situación da audiencia. Á vista deste informe, o ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá, mediante orde ministerial, establecer outros niveis de cobertura mínima por debaixo do 50 por 100.

Este real decreto foi obxecto de informe por parte do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, informe que, de conformidade co establecido na disposición adicional quinta da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, equivale á audiencia a que se refire o artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Así mesmo, sobre o real decreto emitiu informe a Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xuño de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Plan técnico nacional da radiodifusión sonora dixital terreal, aprobado polo Real decreto 1287/1999, do 23 de xullo.*

O Plan técnico nacional da radiodifusión sonora dixital terreal, aprobado polo Real decreto 1287/1999, do 23 de xullo, queda modificado do modo seguinte:

Un. O artigo 4 do Plan técnico nacional da radiodifusión sonora dixital terreal queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 4. *Especificacións técnicas dos transmisores.*

1. As especificacións técnicas dos transmisores das estacións de radiodifusión sonora dixital terrestre serán obxecto de acordo entre todas as entidades habilitadas deste servizo, e deberán ser conformes coas normas europeas aprobadas polo Instituto Europeo de Normas de Telecomunicación (ETSI).

O dito acordo deberá ser comunicado á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información para a súa aprobación.

2. En caso de falta de acordo, as especificacións técnicas dos transmisores das estacións de radiodifusión sonora dixital terrestre serán conformes coa norma de telecomunicacións EN 300 401 do Instituto Europeo de Normas de Telecomunicación (ETSI).»

Dous. Modifícase o artigo 7 do Plan técnico nacional da radiodifusión sonora dixital terreal, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Fases de cobertura.*

Tanto os entes públicos que exploten, en réxime de xestión directa, programas de radiodifusión sonora dixital terrestre, como os concesionarios para a explotación do servizo en réxime de xestión indirecta, deben garantir unha cobertura mínima do 20 por cento da poboación dos seus respectivos ámbitos territoriais.

Cando a cota de audiencia da radiodifusión sonora dixital terrestre supere o 10 por cento da audiencia radiofónica global nos seus respectivos ámbitos territoriais, os entes públicos e os concesionarios deberán alcanzar no prazo de doce meses unha cobertura mínima do 50 por cento da poboación dos seus respectivos ámbitos territoriais. Se no prazo de tres anos a partir da data de publicación deste real

decreto non se acadase a audiencia antes citada, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información elaborará un informe que estableza a situación da audiencia. Á vista deste informe, o ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá, mediante orde ministerial, establecer outros niveis de cobertura mínima por debaixo do 50 por 100.»

Disposición adicional única. *Modificación do título do Plan técnico nacional da radiodifusión sonora dixital terreal.*

Modifícase o título do Plan técnico nacional da radiodifusión sonora dixital, que pasará a ter a seguinte redacción:

«Plan técnico nacional da radiodifusión sonora dixital terrestre.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións, recoñecida no artigo 149.1.21.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Barcelona o 10 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN